

**ANUNCIO****APROBACIÓN PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE, CURSO  
2025/2026****ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL****DATA: 10.07.2025****Artigo 1. Obxecto.**

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás actividades da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

|                                           |
|-------------------------------------------|
| Actividades incluídas na matrícula anual: |
| - ximnasia de maiores                     |
| - obradoiro de traballo corporal          |
| - obradoiro de memoria                    |
| - canto-coral)                            |
| Bailoterapia                              |
| Ioga integral                             |

**Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.**

As actividades están dirixidas as persoas empadroadas no Concello de Vedra e cumplan algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

**Artigo 3. Contía**

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

|                                          |                   |
|------------------------------------------|-------------------|
| Actividades incluídas na matrícula anual | 25,00 €           |
| Bailoterapia                             | 20,00 €/Trimestre |
| Ioga integral                            | 30,00 €/Trimestre |

**Artigo 4. Normas de xestión**

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria na conta indicada polo/a beneficiario. Mediante a firma da solicitude de inscrición o debedor autoriza:

- 1) Ao acredor (Concello de Vedra) a enviar instrucións á entidade bancaria do debedor para domiciliar a súa conta.
- 2) Á entidade bancaria para efectuar as domiciliacións na súa conta seguindo as instrucións do acredor.



Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 15 días do período da actividade realizada.

#### **Artigo 5. Devolución de ingresos**

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as actividades.

#### **Artigo 6. Lexislación aplicable**

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.